

The Golden Gate



Proxecto de
investigación

RA e presentacións

A partires dunha fotografía na que se visualiza esta famosa ponte, o alumnado terá que buscar outros elementos similares arredor do mundo, inquirir datos importantes sobre a súa construción, número de vehículos diarios, cidades nas que se localizan... tamén realizarán exposicións fotográficas e visuais sobre cada unha.

Proporán outras pontes da comunidade galega nas que poderán realizar vídeos para indagar a cantidade de vehículos que circulan.

Traballaran coa plataforma Thinglink e BlippAR para as cales precisarán rexistro

Propoñemos un pequeno proxecto de investigación de campo do cal terán que recoller evidencias en documentos compartidos e expoñer os resultados acompañados dunha presentación de diapositivas que deberá cumprir uns requisitos mínimos.



Proposta de estándares a traballar

INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.

INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.

INEINB3.3.1. escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.

INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.

INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.

INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.

INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).

INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.

INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.

INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.

INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.

INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.

INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.

INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.

INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.

INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.

INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.

INEINB5.9.3. escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.

INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.

INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.

INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.



O traballo destes estándares dependerá do enfoque final que cada docente elixa polo que poden variar. Esta non deixa de ser unha proposta que pode ser adaptada ás necesidades particulares de cada aula, alumnado ou centro.

